

En relación co proxecto denominado Solucións ós problemas de asolagamento do Concello de Valga (Pontevedra) e anunciado a apertura de exposición pública no DOGA nº 72 de 11 de abril de 2001, presenta as seguintes **ALEGACIÓNS**.

CONSIDERANDO:

- A inclusión de parte da zona nas normas Complementarias e Subsidiarias da Xunta de Galicia, publicadas nos DOG nº 116 e 117 de 19 e 20 de xuño de 1991.

- A inclusión desta zona na proposta da Xunta de Galicia na Rede Natura 2000 e publicada no DOG nº 216 de 9 de novembro de 1999 dentro do Sistema Fluvial Ulla-Deza.

- A inclusión de actuacións que nada teñen que ver coa previsión ou prevención de asolagamentos.

EXPÓN:

- Que o propio documento no seu Tomo I, páxina 4 indica "que si bien no soluciona los problemas de inundaciones en su totalidad los atenua", polo que o esforzo económico de 194.900.103 pesetas pode considerarse esaxerado, cando podemos demostrar que hai actuacións tanto superfluas como alleas ó interese da obra.

- Que este proxecto nace viciado administrativamente ante as irregularidades detectadas nos períodos de exposición pública nos que non se cumpría nen a disponibilidade de documentación nalgúns dos lugares citados no DOG nen estaba completa en tódolos lugares. Igualmente non se facilitou axeitadamente o acceso á documentación no Concello de Valga, motivos polos cales presentáronse sendos escritos ante Augas de Galicia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas con data 5 de maio de 2001 solicitando a nulidade deste proceso e o seu reinicio.

- Que existen alternativas máis económicas, menos agresivas medioambientalmente e posiblemente tanto o máis eficaces que as recollidas no proxecto presentado por Augas de Galicia.

- Que a canlenización dos ríos é unha técnica obsoleta e primitiva e que a medio e longo prazo trae aparelado uns efectos negativos maiores que os positivos que puideran aportar, estando desacreditadas estas prácticas diante da comunidade científica. Isto está perfectamente recoñecido e recollido en publicacións ó efecto (p. ex. in Schbitzer-Lebonable e Carbinier, 1993).

- As chairas de asolagamento como a existente na zona, forman parte dun proceso natural e sirven para minorar os efectos das crecidas dos ríos, ó repartiren nunha lámina de auga o volume excedente do río. Produce efectos beneficiosos como restaurar a capa freática e aportar nutrientes a través dos limos depositados fora do leito do río. Isto é especialmente importante para esta zona dado que moitas leiras á beira do río adicanse ó cultivo de diversos

productos.

- Que ó transformar o río nunha canle poderase reducir a frecuencia dos asolagamentos pero os efectos serán máis graves, xa que coa canle aumentará a velocidade da auga e a altura da enchenta agravando os efectos caso de rebasar os muros. Téñanse presentes casos recentes e públicos de alteracións de leitos naturais onde as enchentas superaron os cálculos sobre os volumes de auga, caso de Biescas. As precipitacións pódense estimar pero non predecir.

- Que se contempla a creación dun área recreativa (páx. 13 , Tomo I) o cal non ten interese algún coa prevención de asolagamentos.

- Que dentro das actuacións cítase a creación dunha praia fluvial. Dita praia xa está construída e segundo a información que se nos facilitou é ilegal ó carecer de autorización municipal, aínda que fora o propio concello quen a fixera. Tal actuación, que en nada ten que ver coa prevención dos asolagamentos semella ser unha oportunidade de legalizar esta obra.

- Que segundo se recolle no proxecto procederase á “limpeza”, dragado e canalización do río en dous tramos o primeiro (en diante T1) con 726 metros e o segundo (en diante T2) con 329 metros. Isto segundo o propio proxecto implica a escavación de 25.640 m³ para T1 e 6.398 m³ para T2 (anexo 11, Tomo IV). Igualmente procederase ó “acondicionamento” do regato Docual en 387 metros, limpeza en 300 metros e encauzamento en 87 metros, “acondicionamento” do regato Santiño en 530 metros, limpeza en 370 metros e encauzamento en 180 metros. Extracción de 2.172 m³ par escolleira en T1 e 836 m³ de escolleira pra T2. O proxecto recoñece como SEVERO o impacto sobre o cauce así como o dano na vexetación de ribeira. Sobre fauna e paisaxe indica MODERADO.

- Que dada a natureza das intervencións a realizar e indicadas na exposición anterior e a incidencia destas sobre as características hidrolóxicas dos tramos sobre os que se actuaría non se pode entender que un “estudio de impacto ambiental” non contempla a comunidade de macroinvertebrados acuáticos. Non se pode ignorar que dentro dos invertebrados tamén hai especies incluídas no Catalogo Nacional de Especies Amenazadas, algunhas destas especies están incluídas precisamente pola precaria situación dos hábitats ribeiríños onde viven e que polas características da zona afectada perfectamente poderían atoparse nela. Destacamos novamente que parte da zona onde se realizarán as obras está incluída na proposta da Xunta de Galicia para a Rede Natura 2000 implicada directamente coa Directiva de Hábitats da Unión Europea 92/73/CEE e transposta á lexislación Española no Real Decreto 1997/1995 e que ten como principal finalidade a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre no Territorio da Unión Europea. Na exposición de motivos da Orde do 28 de outubro de 1999, pola que se declaran provisoriamente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000 dícese “ a protección e conservación do noso patrimonio natural é un

mandato recollido no artigo 45 da Constitución e unha necesidade para asegurala pervivencia dos nosos ecosistemas e os seus compoñentes”, “... mentras a Unión Europea non se pronuncia, a Comunidade Autónoma debe garanti-la conservación dos valores que levaron á proposta destes lugares”.

Tendo en conta as características dos tramos do río Valga afectados é máis que probable a presenza neles de especies incluídas no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, polo que se fai necesario un estudio máis amplo que inclúa alomenos as principais especies de macroinvertebrados acuáticos, e que se valoren os efectos das actuacións sobre as súas poboacións e se proponzan medidas correctoras. A conservación da biodiversidade non se pode entender atendendo só a unha parte dos organismos presentes nun ecosistema.

- Que dentro do estudio de impacto ambiental noméase como masa forestal dominante a composta por *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*, esquecendo a masa riparia, moi extensa polas características edafolóxicas de humidade e sustrato e que acobilla a numerosa fauna e flora, xa que só en vertebrados o propio estudio cita 198 especies, das cales 53 están incluídas no RD 439/1990, 11 no RD 1997/95 e 69 no Convenio de Berna firmado polo goberno do Reino de España.

- Que dentro do punto 6.1.2 do plan de vixilancia, indícase o uso de “fungicidas, insecticidas y repelentes para las aves”. Non consta autorización algunha para estas actividades que ó ser desenvolvidas nunha zona proposta para ser parte da Rede Natura 2000 necesitan regulación. Ademais segundo o artigo 6.b e 6.c do Convenio de Berna e sinado polo Goberno do Reino de España está prohibido a perturbación intencionada da fauna sen motivo. Entendemos que hai alternativas que non implican especial coste evitando esta acción, como unha segunda sementeira ou maior densidade na primeira.

- Que o propio informe do técnico da Consellería de Medio Ambiente de data 2/01/2001 encargado de dictaminar sobre a obra é negativo, ofrecendo uns argumentos sólidos e que esta entidade comparte na súa maioría.

- Que as obras afectará ó camiño real e outros elementos do patrimonio non investigados, como un muro recentemente descuberto nunha das fincas á beira do río Valga inmediatas ó seu cruce coa C-550 e que non foi comprobado o seu orixe e posible valor patrimonial pola Consellería de Cultura a pesares de terlle comunicado esta situación.

- Que se contempla a duplicación do cauce na zona de Pumariño, o que no mellor dos casos só conleva trasladar a zona de problemas, xa que na zona de confluencia do desdoblamento atopámonos co mesmo volume de agua inicial, pero agravado cunha

reducción da velocidade das augas pola confluencia de dúas correntes de auga.

- Que se usará o talude da N-550 como dique de contención (páx. 14, Tomo I), algo inaudito, xa que nin se contempla reforzar o firme desta estrada para compensar a presión que exercería unha masa de auga en caso dunha riada.

- Que na C-550 preténdese elevar o nivel da estrada para a ampliación da ponte existente, formando un cambio de rasante que agora non existe, algo inadmisibile dentro da seguridade vial.

- Que se pretende usar como muro de contención de augas a vía ferrea existente, sen que exista nin se recolla unha remodelación da estrutura ferrea o que implica unha actuación temeraria polas súas consecuencias.

- Que se fai mención ás posibilidades urbanísticas da zona nun futuro, unha vez delimitada a zona de inundación potencial nun horizonte de cen anos. Entendemos que un proxecto destinado a resolver problemas de asolagamento nesta zona debe encaminarse a resolve-los cos mínimos efectos secundarios, non buscar solucións a urbanizacións que non existen.

- Que como resume debemos cacteriza-lo proxecto como obsoleto no concepto (canlizar ríos), agresivo e perxudicial na execución (destrúe ripisilvas, desfavorece o intercambio das augas, crea novas situacións de risco nas vías de comunicación) e inefectivo no resultado (pospón as zonas asolagadas mediante un desdoblamento)

Por todo o anterior

SOLICITA:

- Que se retire o proxecto e se encete un novo estudio de impacto ambiental xa que non é aceptable un estudio no que só se recollan unha pequena parte das especies vexetais que se verían afectadas e i~~l~~ora completamente a fauna invertebrada. Con tan precaria información entendemos que non se debería autorizar este tipo de actuacións en ningún río de Galicia, menos aínda se as actuacións afectan a espazos que te~~n~~en reco~~l~~ecida a súa importancia natural ó estar protexidos como é o caso.

- Que para o novo estudio ou no seu defecto para mellorar o actual, té~~n~~anse en conta as seguintes propostas alternativas que contribuen a minimizar-los efectos negativos das riadas conservando o entorno medioambiental e as propiedades dos vici~~l~~os afectados.

*Limpeza baixo a ponte de RENFE, hai tres ollos e só un está limpo, implica un incremento da zona de desague. Non fan falla máis obras por que durante o último asolagamento comprobouse que a pesares de todo a auga confluía a este punto, polo que coa limpeza ganaríase velocidade das augas e polo tanto de evacuación das mesmas.

* Eliminación da represa da praia fluvial existente no río á altura da N-550, xa que pola altura da represa e a baixa cota do muro lateral, a auga bótase fora. A pesares disto nas épocas de máximas riadas do inverno 2000-2001, anegou lixeiramente o camiño á dereita do río, sen excesivos problemas para as casas, polo que eliminado este obstáculo evitariase:

+ Modificar a ponte actual baixo a N-550.

+ Evitar danos ás propiedades inmobles da zona.

+ Innecesaria a expropiación das fincas das beiras para ser usadas como zona de asolagamento.

* Retirada obstáculos da ponte románica que ademais nada teñen que ver co patrimonio.

* Incrementar o superficie do ollo da ponte na C-550 para permitir unha mellor evacuación da auga retida pola propia estrada, xa que esta actúa como dique e as augas tenden a asolagar esta pola depresión existente a uns 100 metros da ponte sentido Pontecesures.

* Catalogación das obras civís existentes actualmente e que afectan á afección do río e que son ilegais.